



MU

Manual de Usuario eRegade

Manual de Usuario

Elaborado por AMTEGA



XUNTA
DE GALICIA





CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
NOME DO DOCUMENTO:	GAIAMA_MU_ManualUsuario_eRegade_v.00.01 .odt	VERSIÓN:	00.01
COD. DO DOCUMENTO:	MU		
ELABORADO POR:	AMTEGA	DATA:	30/10/20
VALIDADO POR:		DATA:	
APROBADO POR:		DATA:	

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación
00.01	Versión inicial do documento	

LISTA DE DISTRIBUCIÓN (opcional)		
Nome	Número de copia	Área/Centro/Localización

CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	4
2. PRESENTACIÓN DO SISTEMA.....	5
2.1. Requisitos de Hardware e Software.....	5
2.2. Usuarios/as do sistema.....	5
2.3. Perfís de usuario.....	5
3. FUNCIONALIDADES DO SISTEMA.....	6
3.1. Acceso por primeira vez.....	6
3.1.1. Alta de novo usuario.....	6
3.1.2. Acceso por primeira vez a eRegade.....	7
3.1.3. Alta Perfil Empresa.....	8
3.1.3.1. Empresa sen Instalacións no sistema antigo.....	9
3.1.3.2. Empresa con Instalacións en Capca pero non en Gala.....	11
3.1.3.3. Empresa con Instalacións en Capca e en Gala.....	13
3.1.4. Problemas máis comúns.....	15
3.1.5. Alta Perfil OCA.....	15
3.2. Perfil Empresa.....	15
3.2.1. Sección Rexistro.....	15
3.2.1.1. Actualizar Inscripción.....	17
3.2.1.2. Actualizar OCA.....	17
3.2.1.3. Producción Anual.....	18
3.2.1.4. Actividades.....	19
3.2.1.5. Focos.....	19
3.2.1.6. Engadir Foco.....	20
3.2.1.7. Detalle Foco.....	20
3.2.1.8. Edición Datos Xerais y Características.....	21
3.2.1.9. Afección Leis.....	22
3.2.1.10. Fontes de Enerxía.....	24
3.2.1.11. Sistemas Depurativos.....	25
3.2.1.12. Controis Asociados.....	26
3.2.1.13. Documentación.....	26
3.2.1.14. Documentos Achegados.....	27
3.2.1.15. Enviar Declaración.....	27
3.2.2. Sección Avisos.....	28
3.2.3. Sección Medicións.....	29
3.3. Perfil OCA.....	29
3.3.1. Sección Rexistro.....	29
3.3.1.1. Novo Control.....	29
3.3.1.2. Nova Medición.....	31
3.3.1.3. Medición de Sustancias.....	32
3.3.1.4. Informes Anexados.....	32
3.3.2. Sección Avisos.....	33
3.3.3. Sección Medicións.....	33
3.3.3.1. Creación dunha nova medicións.....	34
3.4. Anexo I.....	35
3.4.1. Diagrama de estado do centro productivo.....	35
3.4.2. Diagrama de estado dun foco.....	36

1. INTRODUCCIÓN

O sistema **GaIA** é unha plataforma desenvolvida para a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) no eido da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, converterase nun futuro nun punto único de acceso, que agrupará os actuais aplicativos sectoriais existentes en materia ambiental.

Con este obxectivo desenvólvese o sistema **eRegade** que substituirá ao actual Regade- CAPCA. No presente documento explicaranse os pasos necesarios para acceder á aplicación eRegade tanto para usuarios que xa teñen unha conta en Gaia como para quen accede por primeira vez á plataforma. Explicaranse ademais as distintas funcionalidades dispoñibles.



2. PRESENTACIÓN DO SISTEMA

2.1. Requisitos de Hardware e Software

Para poder operar coa aplicación é necesario ter instalado o navegador Mozilla Firefox, Google Chrome ou Internet Explorer.

2.2. Usuarios/as do sistema

O sistema está configurado para ser utilizado por tres perfís de Usuario Empresa, OCA e Xestor que serán explicados na seguinte sección.

2.3. Perfís de usuario

O aplicativo dispón dos seguintes perfís de usuario:

ROLES	Descrición	ACCESO A MENÚS PRINCIPAIS		
		Rexistro	Avisos	Medicións
EMPRESA	Representantes ou traballadores habilitados pola empresa para introducilos datos relativos á empresa e o centro.	Crea novas Inscricións e realiza búsquedas sobre as mesmas. Edita o detalle dunha Inscrición excepto as medicións. Asigna a unha OCA a Inscrición se procede.	Consulta os avisos xerados por modificacións das Inscricións da súa empresa.	Consulta as medicións relativas ás Inscricións da súa empresa.
OCA	Representantes ou traballadores habilitados polo responsable do Organismo de Control Autorizado.	Pode realizar búsquedas das Inscricións que lle foron asignadas, pero non crealas. Pode engadir medicións ás Inscricións. Consulta os avisos xerados por modificacións das Inscricións da súa empresa.	Consulta os avisos xerados por modificacións das Inscricións que ten asignadas.	Xestiona as medicións relativas ás Inscricións que ten asignadas.
XESTOR	Representantes da Administración Ambiental.	Busca e xestiona as Inscricións de tódalas empresas.	Consulta os avisos de tódalas empresas.	Consulta as medicións de tódalas empresas.

3. FUNCIONALIDADES DO SISTEMA

3.1. Acceso por primeira vez


3.1.1. Alta de novo usuario

No caso de que o usuario xa estivera rexistrado en GaIA pode saltar ó punto Acceso por primeira vez a eRegade deste manual. Noutro caso terá que seguir as seguintes instrucións.

Antes de acceder a eRegade, tanto as empresas coma as OCAs deben rexistrarse no Sistema GaIA, no cal poden acceder a súa páxina principal mediante a seguinte URL:

- <https://gaia.xunta.es/plataforma/>



Unha vez alí, deberán facer click no botón  **Acceso privado** o cal permitirá acceder á área de usuarios, previa autenticación dos mesmos, que pode ser por usuario/contrasinal ou certificado dixital pero como é a primeira vez que accede ó sistema, deberá crearse unha nova conta de usuario, facendo click no botón *Crear* como se indica na imaxe



Unha vez cubertos os campos requiridos:

Alta de novo usuario

Nome*
David

Primeiro apelido*
[Redacted]

Segundo apelido*
[Redacted]

DNI*
[Redacted]

Contrasinal*
[Redacted]

Repita Contrasinal*
[Redacted]

Correo electrónico*
david.[Redacted]@everis.com

[Volver](#) [Rexistrar usuario](#)

[Contacto](#) [Axuda](#)



O usuario poderá rexistrarse no Sistema facendo click no botón [Rexistrar usuario](#)

Enviarase un correo de notificación á dirección de correo electrónico previamente indicada para confirmar a alta.

Alta de novo usuario

✓ Usuario creado correctamente. Enviouse un correo de confirmación á dirección de correo indicada david.garcia.pol@everis.comm para rematar o proceso alta.

[Volver](#)

[Contacto](#) [Axuda](#)



3.1.2. Acceso por primeira vez a eRegade

Se se dispón dun usuario de acceso a Gaia, ou se seguiron os pasos indicados no apartado anterior para darse de alta, o seguinte paso será acceder coas credenciais ó Sistema (nif/contrasinal):

Acceso a:
GaIA

Identifíquese

[Redacted]

[Redacted]

[Esqueceu o seu contrasinal](#)

[Entrar](#)

Entre con certificado dixital

[Entrar](#)

Cree unha nova conta

[Crear](#)


[Idiomas](#) [Contacto](#) [Axuda](#)




Ou co certificado dixital:




Unha vez autenticado o usuario verá as aplicacións que ten dispoñibles:



Como se mencionou no principio da sección, neste punto o usuario está rexistrado no Sistema Galega, o cal consta de numerosos módulos para os cales o acceso é independente, é dicir, aínda que o usuario atópase autenticado en Galega, ten que rexistrarse en eRegade, facendo click no botón  da súa tarxeta, onde irá á seguinte pantalla:

Selección de perfil



Na cal o usuario indicará o perfil co que quere darse de alta en eRegade.

3.1.3. Alta Perfil Empresa

O alta dun novo centro poderá realizarse seguindo algún dos proceso que explicaremos a continuación e que se resumen en dous casuísticas posibles:

- Mediante a creación dunha nova inscrición:
 - Empresa sen Instalacións no sistema antigo
- Mediante migración de datos existentes no sistema antigo de Capca
 - Empresa con Instalacións en Capca pero non en GalA
 - Empresa con Instalacións en Capca e en GalA

3.1.3.1. Empresa sen Instalacións no sistema antigo

No caso de que a empresa non teña ningunha Inscrición no sistema antigo, amósase unha pantalla coma a seguinte:


Busca de empresas

● Non se atopa ningunha empresa co NIF/DNI asociado ó seu usuario no sistema CAPCA antigo. Non obstante, pode dar de alta unha nova inscrición asociada á empresa no sistema Regade novo.

VOLVER **NOVA INSCRICIÓN**

Tras facer click no botón de **NOVA INSCRICIÓN** o usuario poderá cubrir os datos de Inscrición e gardala.

Se lle precargarán os datos da conta coa que está a traballar en GalA. Dita conta pode visualizarse na esquina superior dereita como se mostra na imaxe.



GalA Plataforma Galega de Información Ambiental - eRegade

AVISOS REGISTRO MEDICIONES

GAL | CAS

CONTA DE EMPRESA DE PRUEBAS AS MIÑAS APLICACIÓNS

Inscrición no rexistro de Regade

No seguinte formulario poderase seleccionar calquera dos centros dispoñibles asociados á empresa que aínda non dispoña dunha inscrición no sistema.

Os campos “Centro”, “Data de inicio da actividade” e “Catalogación do centro segundo a lei 34/2007” son obrigatorios.

● Finalidade: Inscribir no rexistro de Regade

► Datos da persoa comunicante

Razón social:

NIF:

Enderezo da sede social:

Correo electrónico:

Teléfono:

► E, na súa representación

(Deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

Nome e apelidos:

NIF:

► Datos específicos deste trámite: Inscripción no rexistro de Regade

Todas as medidas de emisións, tanto Control interno como externo, deben ser introducidas nesta aplicación; para isto deberá poñerse en contacto co Organismo de Control Autorizado que lle faga as medicións, para que o asesore no procedemento.

Todas as instalacións que non cumpran os seguintes casos de exclusión, deben inscribirse na aplicación.

Quedan excluídas do proceso de regularización de focos, os focos con actividades que non se atopen no Anexo IV CAPCA-2010 da Lei 34/2007, e aquelas sen grupo asignado e que a criterio do órgano competente da Xunta non se lle engada dita existencia.

Estarán excluídas da obriga de facer controis as actividades seguintes:

- Caldeiras de Combustión Industrial alimentadas con Gas Natural de potencia inferior a 700kWt.
- Instalacións que non provoquen contaminación sistemática (segundo o artigo 2.i) do RD 100/2011).

Onde se cita a potencia máxima para a exclusión, faise referencia á potencia térmica nominal segundo cita o artigo 2. m)

Para o caso da Coxeneración a potencia térmica nominal refírese á suma do calor+electricidade+perdas segundo o índice

Esta exclusión está relacionada coas instalacións afectadas polo RD 100/2011 e a lei 34/2007, sen prexuízo de que outras

emisións.

A exclusión só afecta á realización de controis, tendo que rexistrar a instalación no REGADE-CAPCA no caso de que estivera afectada polo artigo 5 do citado Real Decreto.

Para o caso dos Talleres de reparación de chapa e pintura de vehículos no acceso de descarga se indican as medidas a tomar para a regularización da instalación e o seguimento nos focos de combustión. [Descargar](#)

Faga click para seleccionar o centro que desexa inscribir.

Centro

Selecione

☐ Rede de control do aire (RCCA)

Data de inicio da actividade



☐ Empresa en fase de construción

Catalogación do Centro segundo a Ley 34/2007

Selecione

RESTAURAR




CANCELAR




GARDAR

Unha vez completado o formulario débese facer click no botón **GARDAR**.

A continuación o usuario terá acceso á aplicación eRegade, onde verá a Inscripción creada en estado **BORRADOR**.

Consulta de rexistro


Datos do centro
Datos da inscrición
LIMPAR  BUSCAR 
NOVA INSCRIPCIÓN 

INSCRIPCIÓN	NIMA	CENTRO	RAZÓN SOCIAL	CONCELLO	ESTADO	MIGRADA
2000	15 			Coruña (A)	BORRADOR	

A opción de **NOVA INSCRIPCIÓN** estará dispoñible tamén desde esta pantalla permitíndose a creación de novas inscricións para outros centros.

3.1.3.2. Empresa con Instalacións en Capca pero non en GaIA

No caso de que o usuario teña instalacións asociadas no sistema antigo e non se atope vinculado a ningunha conta de empresa en GaIA tras premer na opción de Perfil Empresa, amósase unha pantalla como a seguinte :


 Non se atopa ningunha empresa asociada ó seu usuario no sistema Gaia. Se é o caso, pode crear unha nova ou vincularse a outra empresa xa existente da que é representante legal.

VOLVER
CREAR OU VINCULAR EMPRESA

Para poder continuar con este proceso é preciso que o usuario:

1. Teña instalado un certificado electrónico válido para autenticarse perante o sistema.
2. O certificado debe estar **a nome dunha persoa física ou dunha empresa** (pero sempre vencellado a unha persoa física que sexa representante legal).

Seleccionando a opción **CREAR OU VINCULAR EMPRESA** o usuario poderá realizar unha das seguintes opcións que se mostran na imaxe:

 Dende esta pantalla poderá activar no sistema unha conta para unha das empresas das que é representante legal se a empresa se atopa xa rexistrada ou, se non é o caso, rexistrar unha nova empresa no sistema. Tamén se procederá a crear un usuario do sistema asociado ao seu DNI no caso de que aínda non exista.

Escolla a acción a realizar

Activar a conta dunha entidade xa rexistrada no sistema da que é representante legal
Rexistrar unha nova entidade co CIF do seu certificado electrónico: 

VOLTAR AS MIÑAS APLICACIÓNS 

En caso de dúbidas ante cal opción seleccionar o usuario deberá enviar un correo a soporte-gaia@xunta.gal indicando o seu DNI e o CIF da empresa á que quere vincularse e un breve resumo da problemática. Para facilitar a xestión de ser posible e de modo opcional o usuario pode incluír unha persoa de contacto e un correo.

1. Activación de unha conta de empresa (primeira opción)

- No caso da primeira opción, se o usuario corresponde co representante legal dunha ou mais entidades (segundo os datos rexistrados nos sistemas da Consellería de Medioambiente), o sistema amosa un formulario de solicitude de alta no que se deben cubrir os seguintes datos:
 - Datos de usuario para o solicitante (se non existe xa un usuario para esa persoa)
 - Escooller para que empresa, das que é representante legal, quere solicitar a alta.
 - Concello no se se atopa a efectos de asinar a solicitude de alta (isto só aplica á hora de asinar a solicitude de alta).

Usuario existente

Usuario:	Nome:
NIF:	Correo electrónico:
Estado: Activo	Última conexión: 30/10/2020 11:47:13

Entidades representadas polo NIF

Seleccionar entidade

☐

MEGA

☐

RECUP

Concello onde se atopa (para a sinatura da declaración)

Escolla un concello

- Con todos ese datos cubertos se debe asinar a solicitude de alta.
- Unha vez asinado ao seleccionar gardar o sistema fará o seguinte:
 - Crear a unha conta de empresa para a empresa en cuestión.
 - Crear a un usuario administrador para esa conta de empresa.
 - Activará ao dito usuario e enviaralle un email á dirección de correo do mesmo para completar o proceso de activación.

2. Creación de datos e da conta de empresa (segunda opción)

- Na segunda opción procederemos a dar de alta a entidade co CIF correspondente ao certificado empregado para acceder. Se é dunha empresa, darase de alta unha persoa xurídica, pero se está a nome dunha persoa, a entidade corresponderá cunha persoa física.
- Ao acceder, a pantalla que se amosa é como a seguinte:

Procederase a rexistrar a información da súa entidade e os seus datos persoais como representante legal da mesma. Así mesmo, creárase un centro para a razón social da empresa, co mesmo enderezo que o comunicado para a entidade, asignándolle un número NIMA. Esta información pasará a formar parte do rexistro de entidades e centros da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

Entidade

NIF* Nome comercial

Nome* Primeiro apelido Segundo apelido

Enderezo da sede social

País* Concello*

CP* Localidade Polígono industrial

Tipo de vía* Enderezo*

Datos de contacto

Correo electrónico* Web

Telefone* Fax

☐ Móbil

Usuario

NIF* Correo electrónico*

Nome e apelidos* Primeiro apelido* Segundo apelido

Datos da empresa

Datos do usuario

- En concreto ten dúas partes a primeira cos datos da empresa a dar de alta e a segunda cos datos do usuario que se vai dar de alta á vez que a empresa. Ese usuario será creado a nome da persoa titular do certificado electrónico empregado (incluso se se trata dun certificado de empresa).
- O usuario debe cubrir os datos e despois premer en Gardar. Despois chegará a unha pantalla na que debe confirmar a solicitude de alta e os datos cunha sinatura electrónica.
- Despos de ter asinado os datos bastará premer en dar de alta e o sistema rexistrará os datos da entidade e do usuario no sistema.

Unha vez finalizado proceso da opción seleccionada xa o usuario sería rexistrado na plataforma GaIA, polo que para continuar co acceso a eRegade deberá seguir as instrucións indicadas no apartado Acceso por primeira vez a eRegade.

3.1.3.3. Empresa con Instalacións en Capca e en GaIA

No caso de que a empresa si teña instalacións tanto no sistema antigo coma en GaIA, tras premer na opción de *Perfil Empresa*, amósase unha pantalla na que aparece a instalación de Capca xunto coas que están rexistradas en GaIA.

Alta novo sistema Asignación de instalacións

● Por favor, indique a correspondencia entre as instalacións con NIF [] do CAPCA antigo coas de GaIA.

■ Instalacións CAPCA

NOME	ENDEREZO	CP	CONCELLO	PROVINCIA
<input type="radio"/>		36600	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra

■ Instalacións GaIA

NOME	ENDEREZO	CP	CONCELLO	PROVINCIA
<input type="radio"/>		36600	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra

1. Fai clic para seleccionar o centro en Capca

2. Fai clic para seleccionar o centro correspondente en Gaia

3. Fai clic para engadir á lista

4. Fai clic para gardar os datos e iniciar a migración

VOLVER

ASIGNAR

GARDAR

A procura de inscricións no sistema antigo realizárase a través do CIF da empresa que ten vinculada en GaIA, por tanto aínda que en Capca traballase cunha única inscrición dun centro mostraránselle todos os centros correspondentes á empresa. Non é necesario que os seleccione todos, pode seleccionar unicamente a instalación coa que traballa habitualmente, xa que o resto de usuarios da empresa terán a opción de migrar o resto de centros.

As inscricións que se atopaban en estado **ALTA** ou **REXEITADO** non se terán en conta durante o proceso de migración. Se só dispón de inscricións neste estado deberá crear unha nova como se indica en Empresa sen Instalacións no sistema antigo

As inscricións en estado **ENVIADA** pasarán a estado **BORRADOR** para continuar a súa xestión na nova aplicación. O resto de inscricións (**BORRADOR, ACTIVO, INACTIVO, BAIXA, NOTIFICADA SEN CONTROIS**) se migrarán co seu estado actual.

O usuario terá que seleccionar unha antiga e a súa correspondente nas instalacións de GaIA. A continuación deberá facer click no botón de Asignar e finalmente no de Gardar.

Deste xeito comezará o proceso de migración das Inscricións de Capca cara GaIA.

O proceso de migración pode levar varios minutos dependendo do volume de datos.

Se ten algún problema durante o proceso de migración, envíe un correo a soporte-gaia@xunta.gal

En canto remate, terá acceso a eRegade, onde poderá ver a súa Inscrición migrada:

Consulta de rexistro

Datos do centro

Datos da inscrición

LIMPAR

BUSCAR

INSCRIPCIÓN	NIMA	CENTRO	RAZÓN SOCIAL	CONCELLO	ESTADO	MIGRADA
2001	15			Padrón	ACTIVO	<input checked="" type="checkbox"/>

3.1.4. Problemas máis comúns

Neste punto poden presentarse os seguintes problemas:

- Os centros mostrados en GaIA non se corresponden coa empresa que se pretende migrar de Capca polo que é necesario que se solicite a vinculación á conta da empresa que se desexa migrar.
- A empresa é correcta pero non se pode establecer ningunha correspondencia entre os centros rexistrados en Capca e os que se mostran de GaIA por tanto é necesario solicitar a creación destes novos centros.

En ambos os casos debe enviarse un correo a soporte-gaia@xunta.gal indicando o problema que se lle presente e de ser posible unha persoa de contacto e un correo.

3.1.5. Alta Perfil OCA

A alta coma OCA é un proceso semiautomático no cal o usuario debe enviar un correo a soporte-gaia@xunta.gal cos datos que indícanse na pantalla:

Alta OCA

Para continuar co proceso de alta, por favor, contacte con soporte-gaia@xunta.gal indicando os seguintes datos:

- *Nome da OCA*
- *CIF*
- *DNI do usuario que se deu alta en GaIA*

■ Se se trata dunha nova OCA, por favor, engada a seguinte información:

- *Nome*
- *Apelidos*
- *Email*
- *Teléfono*
- *Fax*

3.2. Perfil Empresa

Neste apartado detállanse as xestións que un usuario con perfil empresa pode realizar.

3.2.1. Sección Rexistro

Nesta sección, o usuario poderá realizar búsquedas das Inscricións que ten a súa empresa, facendo click no botón

BUSCAR 

e crear outras novas no botón

NOVA INSCRICIÓN





. A opción de crear unha nova inscrición non estará dispoñible se todos os centros da entidade xa teñen asociada unha inscrición.

Consulta de rexistro

Datos do centro

Datos de la inscripción

LIMPAR 

BUSCAR 

NOVA INSCRIPCIÓN 

INSCRIPCIÓN	NIMA	CENTRO	RAZÓN SOCIAL	CONCELLO	ESTADO	MIGRADA
2000	15			Coruña (A)	BORRADOR	

Tras facer click no botón de **NOVA INSCRIPCIÓN** o usuario poderá cubrir os datos de Inscripción e gardala.

No seguinte formulario poderase seleccionar calquera dos centros dispoñibles asociados á empresa que aínda non dispoña dunha inscripción no sistema.

Os campos “Centro”, “Data de inicio da actividade” e “Catalogación do centro segundo a lei 34/2007 “ son obrigatorios.

Centro

Selecione

SEDE

ALAN:

GARDAR 

Data de inicio da actividade 

☐ Empresa en fase de construción

Catalogación do Centro segundo a Ley 34/2007

Selecione 

RESTAURAR

CANCELAR

GARDAR

Unha vez completado o formulario debe facer en **GARDAR** para para terminar o proceso .

Para xestionar as inscricións creadas débese acceder ao detalle picando na inscrición desexada desde a listaxe anterior, a continuación visualizarase unha pantalla como a seguinte :

2000 - ECOLEX ABP

NIF de la entidad: [REDACTED]	Razón social: [REDACTED]	Código inscripción: 2000	Catalogación centro: A
Nome centro: [REDACTED]	Representante do centro:	Data inicio actividade: 18-02-2020	Estado: BORRADOR
Dirección centro: CALLE PRUEBA [REDACTED]	Email: a@prueba.com	Nome oca: -	
Teléfono: [REDACTED]	NACE: -	Migrada: Non	
CNAE: Construcción de vías férreas de superficie y subterráneas		EMPRESA EN FASE DE CONSTRUCCIÓN REDE DE CONTROL DEL AIRE (RCCA)	

ACTUALIZAR INSCRIPCIÓN **ACTUALIZAR OCA**

ACTIVIDADES		PRODUCCIÓN ANUAL		FOCOS		DOCUMENTOS ACHEGADOS	
CODIGO	NOME DA ACTIVIDADE	GRUPO	DATA CREACIÓN	OBSERVACIÓNS	PRINCIPAL	ACIÓNS	
01 01 01 00	Calderas de Pt.n. >= 300 MWt	A	18/02/2020	---		 	

3.2.1.1. Actualizar Inscripción

Seleccionando a opción **ACTUALIZAR INSCRIPCIÓN** o usuario poderá actualizar os datos relativos á propia Inscripción que se cubriron no momento da súa creación. Unha vez completados os datos debe facer en **GARDAR** para gardar os datos.

Actualizar Inscripción

Data de posta en marcha
 18-02-2020

Clasificación
 A

☐ EMPRESA EN FASE DE CONSTRUCCIÓN
☐ REDE DE CONTROL DEL AIRE (RCCA)

PECHAR **GARDAR**

3.2.1.2. Actualizar OCA

A asignación ou actualización da OCA pode realizala desde a opción **ACTUALIZAR OCA**. Esta asignación permitirá que dito organismo de control axúdeo a cumprimentar os apartados.

Detalle OCA

Seleccione OCA

- Departamento Calidade - Medio Ambiente, ENDESA
- Departamento Calidade - Medio Ambiente, ENCE
- Departamento de calidade -Medio Ambiente, Cementos Cosmos
- APPLUS NORCONTROL, S.L.U.**
- DEKRA Ambio, S.A.U.
- TECNO AMBIENTE, S.L.
- ATISAE, Asistencia Técnica Industrial, S.A.E.
- CUALICONTROL-ACI, S.A.
- ECA, Entidad Colaboradora de la Administración, S.A.
- EPTISA, SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.
- EUROCONTROL, S.A.
- ENVIRA INGENIEROS ASESORES, S.L.
- SGS TECNOS, S.A.
- OCA Inspección, Control y Prevención, S.A.U. (OCA GLOBAL)
- LMAG (para centros productivos que non realizarán medicións periódicas)

Seleccione a OCA desexada

TELÉFONO: -

FAX: -

MAIL: -

CERRAR

CONFIRMAR

Coa asignación do Organismo de Control Autorizado, ambos poden completar os campos do rexistro relativos á inscrición.

A OCA poderá ademais, no caso de que sexa necesario, engadir as medidas e enviar a Declaración ó Xestor.

3.2.1.3. Producción Anual

Permite xestionar a Producción anual relativa á Inscrición:



ACTIVIDADES

PRODUCCIÓN ANUAL

FOCOS

DOCUMENTOS ACHEGADOS

ENGADIR PRODUCCIÓN ANUAL +

PRODUCTO	PRODUCCIÓN ANUAL	UNIDADES	GRADO DE USO DE LA CAPACIDAD PRODUCTIVA (%)	ACCÍONS
prod1	123	CENTIMETROS	23	 

Pódense engadir no botón **ENGADIR PRODUCCIÓN ANUAL +**, editar en  e eliminar en 

O formulario para engadir unha nova produción anual pode observarse na seguinte imaxe :

Insertar produción anual

Producto

Producción anual máxima

Grado de uso de la capacidad productiva (%)

Unidades
Seleccionar...

- Caixas
- Centímetros
- Ducías**
- Envases
- Estéreos
- Gramos
- Hectolitros
- Hectáreas
- Kilocalorías
- Kilogramos
- Kilometros
- Kilowatios*hora
- l litro

CERRAR **CONFIRMAR**

Poderá engadir tantos produtos(en texto libre) como considere representativos da instalación. Todos os campos son obrigatorios.

Unha vez completado o formulario debe facer click no botón **CONFIRMAR** para gardar os datos.

3.2.1.4. Actividades

Permite xestionar as actividades que o centro asociado á Inscripción vai realizar:

ACTIVIDADES		PRODUCCIÓN ANUAL		FOCOS		DOCUMENTOS ACHEGADOS	
						ENGADIR ACTIVIDADE 	
CODIGO	NOME DA ACTIVIDADE	GRUPO	DATA CREACIÓN	OBSERVACIÓNS	PRINCIPAL	ACCIÓNS	
01 01 01 00	Calderas de P.t.n. >= 300 MWt	A	18/02/2020	—			

Pódense engadir no botón **ENGADIR ACTIVIDADE** +, editar en  e eliminar en .

3.2.1.5. Focos

Nesta pestana o usuario pode ver os focos asociados á Inscripción:

ACTIVIDADES

PRODUCCIÓN ANUAL

FOCOS

DOCUMENTOS ACHEGADOS

ENGADIR FOCO +

ESTADO	NOME	PROCESO	EMISIÓN	ACTIVIDADE	DATA CREACIÓN	ACCIÓNS
Declaración	Foco difuso		Emisión difusa		11/03/2020	<div></div> <div></div>

Pódense engadir no botón **ENGADIR FOCO** +, duplicar en  e eliminar en .

3.2.1.6. Engadir Foco

Para engadir un novo foco, debe facer click no botón **ENGADIR FOCO** . A continuación mostraráselle unha pantalla como a seguinte :

Engadir foco

Nome

Tipo de emisión

Emisión canalizada

CERRAR

CONFIRMAR

Deberá introducir o nome do foco, con texto libre, e o tipo de emisión, xa sexa canalizada ou difusa.


Unha vez completado o formulario debe facer click no botón **CONFIRMAR** para gardar os datos.

O foco estará neste instante en fase **DECLARACION**, para continuar completando os datos deberá seguir o proceso que se indica a continuación.

3.2.1.7. Detalle Foco

Para xestionar un Foco, hay que acceder o seu detalle, facendo click no propio Foco.

A continuación mostrarase unha pantalla como a seguinte onde poderá xestionar toda a información relativa a un Foco concreto:


Plataforma Galega de Información Ambiental - eRegade

AVISOS

REGISTRO

MEDICIONES

CONTA

AS MIÑAS APLICACIÓNS

2000 - Foco canalizado

Estado: Declaración

Número del libro de Registro:

Proceso: O proceso do Foco

Fecha de fabricación: 03/03/2020

Data de posta en marcha: 10/03/2020

Marca: A marca do Foco

Coordenadas UTM (ETRS89): Huso: 29T, Latitud: 470000, Longitud: 4630000, Altitud: 10

IMMCA: SI

EDITAR

Tipo de Emisión: Emisión canalizada

Tipo de instalación de combustión: Motor diesel

Potencia térmica (Mw): 10.0

Capacidad Anual: 20.0 Ducias

Horas de funcionamiento: 30

Carga media utilizada (%): 40.0

Altura (m): 50.0

Diámetro (m): 60.0

L1 (m): 70.0

L2 (m): 80.0

EDITAR

AFECCIÓN LEYES

FUENTES DE ENERGIA

SISTEMAS DEPURATIVOS

CONTROLES ASOCIADOS

DOCUMENTACIÓN

ENGADIR LEY

LEI	CÓDIGO	ACTIVIDADE	GRUPO	DATA CREACIÓN	OBSERVACIÓNS	COV	EDITAR	BORRAR
RD 100/2011	01 05 02 00	Calderas de Pt.n. < 300 MWt y >= 50 MWt	A	11/03/2020	---			

VOLVER

3.2.1.8. Edición Datos Xerais y Características

Os datos xerais do Foco:

Estado: Declaración	Marca: A marca do Foco	Tipo de Emisión: Emisión canalizada	Carga media utilizada (%): 40.0
Número del libro de Rexistro:	Coordenadas UTM (ETRS89): Huso: 29T, Latitud: 470000, Longitud: 4630000, Altitud: 10	Tipo de instalación de combustión: Motor diesel	Altura (m): 50.0
Proceso: O proceso do Foco	IMMCA: SI	Potencia térmica (Mw): 10.0	Diámetro (m): 60.0
Fecha de fabricación: 03/03/2020		Capacidad Anual: 20.0 Ducías	L1 (m): 70.0
Data de posta en marcha: 10/03/2020		Horas de funcionamento: 30	L2 (m): 80.0

EDITAR EDITAR

Pódense editar dente os seus respectivos botóns EDITAR

Deberán cubrirse obrigatoriamente os campos *Marca*, *Proceso*, *Data de fabricación* e *Data de posta en marcha*.

Editar foco

Estado
Declaración

Nombre
Foco de prueba

Proceso

Marca

☐ IMMCA

Fecha de fabricación

Data de posta en marcha

Coordenadas UTM (x) (Min: 470000) (Máx: 690000)

Coordenadas UTM (y) (Min: 4630000) (Máx: 4852000)

Coordenadas UTM (z) (Min: 0) (Máx: 9999)

CERRAR
CONFIRMAR

Se o foco está en estado **SOLICITUDE EXCLUSION**, terá asociado un motivo de exclusión, a elixir de entre unha lista de motivos, como os que se amosan na seguinte imaxe:

Editar foco

Estado
Solicitud Exclusion

Motivo de Exclusion
Seleccionar...

Actividade catalogada sen grupo (-)

Instalacións Térmicas de Combustión industrial (Combustibles Limpos) (< 700 kW)

Instalacións de combustión en explotacións Gandeiras (= 2.3 MW)

Instalacións que non provoquen contaminación sistemática (emisións)

Instalacións que non provoquen contaminación sistemática (horas)

Outros motivos

Proceso

Seleccionar motivo de exclusión do foco

As características do foco inclúen os valores de potencia térmica das emisións, medidas da canle, etc.

Ao seleccionar a opción de editar este apartado mostrarase unha pantalla como a seguinte:

Editar foco

Tipo de Emisión
Emisión canalizada

Tipo de instalación de combustión
Seleccionar...

Potencia térmica (MW)
0,015

Capacidad Anual

Unidad
Seleccionar...

Horas de funcionamiento

Carga media utilizada (%)

Altura (m)
8,0


Diámetro (m)
0,5

L1 (m)
1,8

L2 (m)
2,0

CERRAR **CONFIRMAR**



Achégase un gráfico cos valores de L1 e L2:



Unha vez completado o formulario debe facer click no botón **CONFIRMAR** para gardar os datos.

3.2.1.9. Afección Leis

Permite asignar ó Foco as Leis polas que vese afectado:

AFECCIÓN LEYES		FUENTES DE ENERGIA	SISTEMAS DEPURATIVOS	CONTROLES ASOCIADOS		DOCUMENTACIÓN			
<div>ENGADIR LEY </div>									
LEI	CÓDIGO	ACTIVIDADE		GRUPO	DATA CREACIÓN	OBSERVACIÓNS	COV	EDITAR	BORRAR
RD 100/2011	01 05 02 00	Calderas de Pt.n. < 300 MWt y >= 50 MWt		A	11/03/2020	---			

Pódense engadir no botón **ENGADIR LEY +**, editar en  e eliminar en .

As leis que foron derogadas aparecerán migradas pero non poderán editarse.

Ao seleccionar a opción de **ENGADIR LEY +** mostrarase un formulario como o seguinte onde o usuario deberá seleccionar primeiramente a lei pola que se vese afectada o foco. Incluír as normas que sexan de aplicación para a instalación, relativas ás emisións atmosféricas.

Insertar actividade

LEI

Seleccionar...

RD 100/2011

RD 1042/2017

☐ COV

